



## Dios Ke Te Crew celebra os 'Tremendos Anos 20' coa publicación dun disco-fanzine especial que inclúe 20 remixes dos seus éxitos acompañados doutras tantas ilustracións

Artistas como Malandróneda, CRNDS, Juait, Mundo Prestigio ou Grande Amore fan a súa propia revisión de 20 temas de DKTC, que estarán dispoñibles en todas as plataformas dixitais a partir das 00.00 horas do sábado 2 de decembro

As asistentes aos concertos deste sábado 2 na Sala Capitol e Malatesta recibirán agasallo o fanzine, que inclúe ilustracións exclusivas de creadores como Leandro Barea, Lidia Cao, Sekone, Miguel Peralta, Ana Langeheldt ou AL Crego, entre outras sinaturas

As entradas para a celebración dos 'Tremendos Anos 20', que terá lugar este sábado 2 entre as 19.00 e as 05.00 horas, están agotadas desde hai semanas



**Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023.-** Dios Ke Te Crew festexará o seu viséximo aniversario o vindeiro sábado, 2 de decembro, cunha xornada maratoniana de concertos, mais tamén coa publicación dun **disco-fanzine**, no que 20 músicos e produtores reinterpretan outros tantos temas da mítica banda galega de rap, ás que tamén dan vida, a través de ilustracións, 20 artistas gráficos.



Os remixes poderanse escoitar a partir das 00.00h do sábado 2 nas principais plataformas dixitais, mais tamén estarán dispoñibles través dos códigos QR que se inclúen no fanzine, texto editado en formato A5 e agasallo que a banda entregará ao público asistente aos directos da Sala Capitol. O recinto pendurou hai semanas o cartel de “entradas esgotadas” para a celebración das dúas primeiras décadas de DKTC sobre os escenarios.

Músicos e produtores como **Ortiga, Malandróneda, Javi Fluzo, Grande Amore, Mundo Prestigio, Juait** ou **CRNDS** fixeron novas versións de temas como *Vas de verde, Ke traballe o rei, Todo da voltas, Mutant Roll, OG, Amolar* ou *Danza Maldita*; por exemplo. Completan a lista nomes como **2pasos, Padre Murdock, Frank Juxley, DJ Mil, Hermano L, Karma Sound, Nashgul, Terrae, Coio, Figueroa, High Paw, Xurxo Master** ou **Mou**.

Os vinte temas que se poderán escoitar co gallo da celebración dos Tremendos Anos 20 contarán foron plasmados en ilustracións por outros tantos artistas gráficos de todo o Estado. Así, DKTC completa a súa celebración cos traballos de **Maz, Twee Muizen, GR170, Lidia Cao, Nove Noel, Luís Sendón, Ana Langeheldt, Daan Botlek, Daniel Muñoz ‘San’, Xoana Almar, Alba Fabre Sacristán, A.L. Crego, Alegría del Prado, Mr. Difuz, Sortwo, Sokram, Leandro Barea, Sr. X, Miguel Peralta** ou **Sekone** fan a súa propia versión, en imaxes, dos 20 temas que se inclúen neste disco-fanzine.

## FESTA TREMENDOS ANOS 20

Este sábado, 2 de decembro, a banda máis emblemática do hip hop galego celebrará por todo o alto as súas dúas décadas de traxectoria musical. A festa **Tremendos Anos 20** preséntase, en palabras de DKTC, como unha ocasión “única” e “irrepetible” que, a modo de “exclusiva cerimonia litúrxica”, festexará vinte anos de vida a través dun “abraiante akelarre musical de amizades”. A banda acompañaranse de artistas como **Malandróneda, Grande Amore, Boyanka Kostova, Leo i Arremecághona, Vituco Neira** (Ruxe-Ruxe), **Santino e Guillerme** (Quempallou), con quen compartirán escenario con DKTC na noite do 2 de decembro na Sala Capitol, espazo no que tamén actuarán **Hermano L, High Paw e DJ Mil** desde as 19.30 horas.

Os festexos continuarán na Sala Malatesta. Entre as 00.30 e as 05.00 horas, celebrarase o concerto de **Los Rastreadores** (Ortiga & Grande Amore) e os *showcases* de **Rebeliom do Inframundo, Saibrán Yi yi, Ra Velenosa e Rico Suárez**, ademais dos *dj sets* de **Chicho Selektor, Padre Murdock e Croma**, e outras sorpresas adicionais.

**Para máis información:**

**Contacto de prensa DKTC**

Lucía Pita | 675 404 321

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Descarga aquí o [kit de prensa](#) DKTC - Tremendos Anos 20